

MEMORIA DOS CONTIDOS DO PRODUTO SONORO REALIZADO



Este podcasts encáixase dentro da actividade de "Radio Arrabal", a radio escolar do centro CEIP Mestre Manuel García de Oia, que se ven desenvolvendo por cuarto ano consecutivo no centro.

Neste curso o peso e dirección da Radio Arrabal correspóndelle ó 4º Curso de EP. Porén tamén participan outros grupos do centro. O equipamento radiofónico trasladouse á aula de 4º debido ás medidas anti-Covid cumprindo cas normas sanitarias establecidas no centro.

"CURIOSIDADE ESPACIAL"

CONCEPTO DO PODCASTS

"Curiosidade espacial" é unha expedición sónica dos alumnos e alumnas de 4º de primaria do CEIP Metre Manuel García onde viaxan ao espazo exterior en busca de inspiración e aventuras. Alí atopan as palabras e historias de Ricardo Carvalho Calero, o homenaxeado do Día das Letras Galegas 2020. Participamos así na **modalidade II** (Alumnado de 3º a 6º EP) na **temática 2** (Poesía ou teatro).

GUIÓN DA ESCALETA

- 1.- INTRO – Música
- 2.- Contacto coa nave, comprobación de motores e conta atrás.
- 3.- Despegue.
- 4.- Toma de contacto co espazo e primeiros recitados.
- 5.- Contacto coa terra.
- 6.- Saída ao exterior e segundos recitados.
- 7.- Perda de sinal coa Terra.
- 8.- Flotando no espazo e últimos recitados. FINAL.

EXPERIENCIA DA ELABORACIÓN E GRAVACIÓN DO ARQUIVO

“**Curiosidade espacial**” é parte do primeiro programa do curso da Radio Arrabal, a radio do colexio CEIP Mestre Manuel García. A súa elaboración fíxose de forma conxunta onde participamos a totalidade do alumnado de 4º curso de Ed. Primaria.

Primeiramente, a través dun pequeno coloquio buscamos a idea principal: unha viaxe ao espazo en busca de ideas, aventuras e inspiración. A continuación escollemos a música, a canción de David Bowie “Space Oddity” en formato instrumental e comezamos a escribir diferentes fragmentos de Ricardo Carvalho Calero que atopamos pola rede.

Na gravación seguimos o procedemento do despegue dunha nave cara o espazo, primeiro comprobando que había comunicación entre o control e os astronautas, o estado dos motores e a conta atrás. Pouco a pouco e deixando paso a imaxinación comezamos a recitar e a explorar o espazo exterior ata quedar prendidos da beleza da terra dende alá arriba.

ENLACE DO PODCAST

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestremmanuelgarcia/node/807>

